



CETMAR
CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR



A AIXOLA

CENTRO DE FORMACIÓN
MARÍN

O Centro Formación “A Aixola”.

Unha decisiva aposta pola formación no sector marítimo pesqueiro.

aixola.cetmar.org

Actualizado: Xaneiro 2017



**XUNTA
DE GALICIA**

Cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
E DE PESCA (FEMP)

ÍNDICE

CONTEXTO	3
INCIDENCIA NOS OBOECTIVOS DAS POLÍTICAS EUROPEAS	7
COLABORACIÓNS DE "A AIXOLA"	9
Apoio ás Administracións	9
Preservación do patrimonio marítimo	11
CETMAR e Proxectos de Desenvolvemento tecnolóxico	11
Labores divulgativas	13
Apoio a colectivos en risco	14
ÁREAS DE TRABALLO	16
Composites	16
Madeira	18
Instalacións mecánicas e eléctricas	20
Plásticos técnicos	21
Velaría e pneumáticas	23
Redaría	25
PROGRAMA MULTIDISCIPLINARIO:	27
MANTEMAR, Formación para os servizos de mantemento portuarios e marítimos	27



"A MELLOR FORMACION, POLOS MELLORES PROFESIONAIS"

CONTEXTO

Dende os seus inicios, en 1997, o centro de formación "A Aixola" constituíuse nun referente para impartir accións formativas de capacitación e reciclaxe das xentes do mar.

Aixola foi creado inicialmente co obxectivo de capacitar aos colectivos que abandoaban a pesca para continuar exercendo a súa actividade noutros oficios do sector marítimo. Ademais diso, constituíuse nun Centro de capacitación da comunidade costeira da súa área de influencia, que non só realiza labores de formación técnica, senón que tamén incide na inclusión social e fomenta a igualdade de xénero nas actividades con maior sesgo¹. Todo iso complétase co impulso do espírito emprendedor e cooperativo entre os seus beneficiarios e o apoio na busca de novas oportunidades de emprego.

O denominador común de todas as accións formativas é a doada accesibilidade das xentes do Sector, sen necesidade de posuír estudos específicos previos nin ter un rango de idade determinado, o que dá lugar á creación de grupos heteroxéneos nos que se favorece a aprendizaxe mutua entre alumnos.

Toda a formación impartida no centro está encadrada no rango de formación **non regrada**, é dicir, é unha formación que non dá lugar a un certificado académico, pero que acredita ós alumnos que a cursan cun diploma de adquisición de coñecementos e técnicas de traballo. Este enfoque posibilita que se lle imparta formación a persoas que, doutro modo, non poderían

¹ Polo xeral, fóméntase a presenza de mulleres nos sectores cunha predominancia masculina (construción naval, reparacións náuticas, instalacións mecánicas e eléctricas); pero tamén se favorece a agrupación de homes e mulleres en áreas como a redaría, onde o traballo por subactividades está moi compartimentalizado (a presenza de mulleres é moi alta nas actividades da área relacionadas coa pesca de baixura, e moi escasa na construción e reparación de aparellos para traballos en altura).

acceder a ela polos requisitos esixidos²; por outro lado o feito de renovar periodicamente os programas, permite actualizar os contidos e adecuar os cursos ás demandas do mercado.

Por este motivo, dende 2004, a Consellería do Mar da Xunta de Galicia lle encomenda ao Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR a xestión do Centro de Formación A Aixola; a actividade artículase en programas formativos anuais e bianuais con cursos das seguintes áreas:

- Área dos Composites: manexo do poliéster e distintos tipos de fibras, aplicando as últimas innovacións técnicas que diminúen o uso de resinas e as emisións contaminantes durante a súa manipulación. Orientado á construción naval e fabricación de pezas para o seu uso en acuicultura e outras actividades marítimas.
- Área da Madeira: cursos relacionados coa construción e reparación naval utilizando tanto as técnicas máis tradicionais como as últimas innovacións que permiten realizar pezas de baixo mantemento e altas prestacións técnicas.
- Área de Instalacións: comprende cursos ligados ao mantemento e instalación de pequenos motores así como a introdución á electricidade básica en barcos de pequenas dimensións.
- Área dos Plásticos Técnicos: os traballos con polietileno e polipropileno están a adquirir un protagonismo crecente nas instalacións e na acuicultura. Polas súas características técnicas, estes materiais son o grande rival do aceiro inoxidable, tanto en canto ao seu prezo coma en canto ao custo de mantemento e fabricación de pezas.

² Unicamente os cursos do Certificado de Profesionalidade "Confección e Mantemento de Artes e Aparellos" requiren o nivel académico de ESO ou equivalente, para o acceso a formacións para certificados de profesionalidade de nivel 2.

- Área de Velaría/Acastillaxe e Pneumáticas: accións formativas dirixidas á formación de operarios en elaboración/reparación de velas e embarcacións pneumáticas.
- Área de Redes: Formación conducente á obtención do Certificado de Profesionalidade. Impartición homologada e supervisada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A actividade do Centro intégrase na súa comunidade a través das seguintes accións:

- Rede de Centros colaboradores para a captación de usuarios: Aixola intégrase na súa comunidade a través dunha rede de Centros colaboradores con fins sociais, que transmiten aos seus usuarios a oferta formativa.
- Colaboración coas administracións para o deseño de obxectivos didácticos: reparacións e construcións de material para o seu uso en actividades sen ánimo de lucro. Deste modo, as tarefas do ámbito da formación "significativa" son utilizadas coa finalidade de que o alumnado aprenda "sobre obxectos reais" beneficiando á sociedade co produto final.
- Apoio á actividade de I+D+i pública: ao igual que na colaboración con Administracións, aproveitase a actividade formativa para deseñar e fabricar materiais de investigación e innovar nos deseños de materiais existentes. Estas accións realízanse mediante un proceso participativo que inclúen os alumnos na actividade.
- Conservación do patrimonio: a formación impartida en Aixola integra a importancia da conservación do patrimonio marítimo. Nesta liña, o Centro contribúe á recuperación de embarcacións tradicionais, tanto mediante a construción de réplicas coma pola súa reparación e o trazado de plantillas; realiza un labor de recuperación de motores de embarcacións antigos de deseño

galego, que en moitas ocasións son utilizados con fins didácticos e ademais recupera os deseños de redes e aparellos - que tradicionalmente se transmitían por medios orais - mediante o trazado de esquemas.

- Divulgación da actividade - comunicación social: por último, Aixola dedica tamén esforzos á transmisión da súa actividade á sociedade. Para iso, todas as áreas de actividade deseñaron mostras e paneis que mostran os materiais que empregan e as súas características, así como os resultados obtidos. Esta pequena exposición serve de apoio para presentar o Centro e a súa actividade a todas as visitas que recibe (escolares, Administracións e colaboradores), e tamén se cede puntualmente para actividades divulgativas doutras organizacións (exposicións de museos e outras organizacións, encontros de embarcacións tradicionais, actividades didácticas de centros educativos, etc.).



INCIDENCIA NOS OBXECTIVOS DAS POLÍTICAS EUROPEAS

A súa actividade reforza 4 dos 11 obxectivos temáticos da Unión Europea para alcanzar un crecemento intelixente, sostible e inclusivo:

- **(3) mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas**, no sector agrícola (FEADER) e **no sector da pesca e a acuicultura (FEMP)**;
- **(8) promover o emprego** e favorecer a mobilidade laboral;
- **(9) promover a inclusión social** e combater a pobreza;
- **(10) investir en educación, capacidades e aprendizaxe ao longo da vida**;

Inscríbese directamente en 3 das prioridades da Unión para o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (Artigo 6):

- **1** Promoción de pesqueiras sostibles dende o punto de vista ambiental, eficientes no uso de recursos, innovadoras, competitivas e baseadas no coñecemento, perseguindo os seguintes obxectivos:
 - **(f) desenvolvemento de formación para o emprego, novas capacidades profesionais e formación ao longo da vida.**
- **2** Fomento dunha acuicultura sostible dende o punto de vista ambiental, eficiente no uso de recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento, perseguindo os seguintes obxectivos:
 - **(e) desenvolvemento de formación para o emprego, novas capacidades profesionais e formación ao longo da vida.**
- **3** Aumento do emprego e a cohesión territorial mediante a consecución dos seguintes obxectivos específicos: a promoción do crecemento económico, **a inclusión social, a creación de emprego e o apoio ao emprego** e a mobilidade laboral **nas comunidades costeiras e continentais que dependen da pesca e da acuicultura, incluíndo as actividades de diversificación dentro do sector pesqueiro e cara a outros sectores da economía.**

O **Programa Operativo do FEMP para España 2014 – 2020** contempla o desenvolvemento da formación profesional, as novas competencias e a aprendizaxe permanente na súa estratexia para fomentar unha pesca sostible dende o punto de vista medioambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento (**Prioridade 1**): entre outras medidas para impulsar a competitividade do sector extractivo, reforzará a formación e a mellora das capacidades dos traballadores

do mar para facilitar a súa integración a actividades complementarias da pesca extractiva (Obxectivo Temático 8 asociado ao artigo 29).

A actividade do Centro tamén persegue 4 dos obxectivos específicos do Fondo Social Europeo:

Promoción do emprego e soporte da mobilidade laboral:

- integración sostible dos mozos que non están a traballar, **educación ou formación no mercado de traballo;**
- **autoemprego, emprendemento e creación de empresas;**
- **igualdade de xénero** e conciliación laboral;
- **adaptación de traballadores, empresas e emprendedores ao cambio;**

Investimento en educación, capacidades e formación ao longo da vida

- Impulso do acceso á formación ao longo da vida, **mellorando as capacidades e competencias dos traballadores** e aumentando a relevancia dos sistemas de educación e formación no mercado de traballo.

Promoción da inclusión social e loita contra a pobreza:

- **Promoción da economía social e as empresas sociais;**

Reforzo da capacidade institucional e a administración pública eficiente:

- Investimento na capacidade institucional e na eficiencia das administracións públicas e os servizos públicos co obxecto de reformas, mellor regulación e boa gobernanza;
- Desenvolvemento de capacidades para os actores que ofrecen emprego, educación e políticas sociais, así como pactos sectoriais e territoriais para mobilizar as reformas a nivel nacional, rexional e local.

COLABORACIÓN DE "A AIXOLA"

O Centro de Formación A Aixola compaxina o seu labor formativo coa colaboración coa comunidade do seu ámbito a través do deseño, construción e reparación de diversos materiais. Desta forma, o traballo de taller dos cursos realízase sobre obxectos reais ou sobre a resolución de problemas concretos, ao tempo que se obteñen beneficios no ámbito.

Todas as colaboracións se realizan con entidades sen ánimo de lucro, e son aprobadas pola Consellería do Mar.

Apoio ás Administracións

- Escuela Naval Militar (Escuela Superior de la Armada Española). Restauración da Embarcación histórica denominada "Bote de 9 metros". Reparación de snipes, velas, mastros, timóns, pneumáticas.



- Colaboración cos centros de acuicultura (minicriadeiro de Camariñas e Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo -CUME-). Deseño e construción de elementos de acuicultura: tanques cultivo, bandexas de acondicionamento de reprodutores e de circuitos postlarvários



- Colaboración co Servizo de Gardacostas de Galicia. Deseño e construción de embarcación para vixilancia pesqueira



- Colaboración con Protección Civil. Reparación de pneumáticas



- Deseño e construción dun prototipo de embarcación turística. Concello de Cabanas



- Colaboración co Museo Massó.

Colocación dunha nova cuberta para o motopesqueiro tradicional "Caneliña".



- Colaboración co Museo do Mar de Galicia. Préstamo de material para exposición de acuicultura. Cesión de maquetas de embarcacións para exposición permanente.

Preservación do patrimonio marítimo

- Construción e reparación de velas, cascos de madeira, pneumáticas, remos, para diversas Federaciós: Vela, Motonáutica, Cultura Marítima e Fluvial, entre outras.



CETMAR e Proxectos de Desenvolvemento tecnolóxico.

- Investigación, planificación, deseño e construción en poliéster dun prototipo de sistema estanco para as botas de traballo das mariscadoras dentro do Proxecto Saúde.





- Proxecto Singular estratéxico REDES (subproxecto SP2): Construción de portas de arrastre en materiais diversos.

- Proxecto Singular estratéxico PROMARES (subproxecto VACCA): Deseño e construción dun dispositivo de navegación autónomo.



- Proxecto Woobta. Relación e intercambio de programas e docentes con Centros de formación en Carpintaría de Ribeira de Reino Unido, Francia e Suecia. Elaboración e exposición de maquetas



Construción de maqueta embarcación bretoa



Construción maqueta embarcación sueca

Labores divulgativas

- Construción de piscina e maquetas de gamelas para cesión a eventos divulgativos.



Piscina e gamelas en Baiona



- Colaboración coa Asociación de Oceanógrafos de Galicia. Deseño e elaboración de material de divulgación sobre os oficios do mar para programas de divulgación científica.

- Visitas guiadas no propio C.F. A Aixola



Alumnos noruegueses Proxecto FROYA

Apoio a colectivos en risco

Respecto á colaboración establecida con centros que se ocupan de aspectos ligados á reinserción social, dende CETMAR e Aixola tense presente a existencia de colectivos necesitados de formación e apoio para iniciarse ou retornar ao mercado laboral. Este posicionamento fíxose extensivo ao colectivo de inmigrantes, fortemente representado no sector da pesca.



Dende 2014 establécese unha colaboración co Concello de Marín na impartición de dirixidos a colectivos en risco de exclusión. Os cursos realizados foron:

- Reparacións mixtas (poliéster-madeira) - 2014
- Reparacións polivalentes (poliéster-pneumáticas). - 2014
- Electricidade e hidráulica básicas (instalacións eléctricas) - 2015
- Mecanizado e elaboración de pezas de carpintaría (madeira) - 2016

Estes cursos forman parte dos programas de inserción laboral EMPREGAMARIN I, II e III que o Concello de Marín levou a cabo coa Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Dende Aixola tamén se incide en fomentar a igualdade de xénero nas actividades con maior sesgo: foméntase a presenza de mulleres nos sectores cunha predominancia masculina (construción naval, reparacións náuticas,

instalacións mecánicas e eléctricas); pero tamén se favorece a agrupación de homes e mulleres en áreas como a redaría, onde o traballo por subactividades está moi compartimentalizado (a presenza de mulleres é moi alta nas actividades da área relacionadas coa pesca de baixura e moi escasa na construción e reparación de aparellos para traballos en altura).



Carpintaría



Mecánica



Composites

Todo o conxunto de actividades do Centro están sustentadas por unha serie de contidos transversais que van dende os módulos de P.R.L.³, imprescindibles para entrar nos talleres, ata outra serie de contidos relacionados coa calidade, a busca de alternativas menos contaminantes en todos os procesos, a igualdade de xénero e a inclusión social, ou a divulgación das actividades a todos os niveis da sociedade.

³

Prevención de Riscos Laborais

ÁREAS DE TRABAJO

Composites.

Un material composto é o resultado da combinación de dous ou máis materiais que permite obter unha combinación única de propiedades. Existen moitos tipos de materiais compostos, en función da súa matriz ou da forma en que posúa o seu reforzo, pero os que están reforzados por fibras son os composites máis importantes dende o punto de vista tecnolóxico. Neste grupo, o máis destacado é o poliéster reforzado con fibra de vidro.

A ausencia de centros de formación específicos nesta especialidade na nosa Comunidade Autónoma e no Estado Español fai que Aixola sexa un centro de referencia para a formación de todos estes profesionais e como punto focal no I+D+i para todas as empresas e organismos que traballan neste sector. Ao mesmo tempo, temos que salientar que nesta área é onde máis inserción laboral se produce. É importante sinalar que, hoxe en día, o manexo do poliéster require de man de obra nos máis diversos ámbitos da estrutura industrial; constituíndose, polo tanto, nunha formación cun amplo espectro de posibilidades laborais mesmo fora do sector marítimo pesqueiro.

No campo da construción naval, principal área de traballo de Aixola, a principal vantaxe que presenta o traballo cos composites é o abaratamento de custes que supón a posibilidade de seriar embarcacións partindo de moldes. Debemos sinalar ademais que a formación en composites é necesaria para a fabricación dos máis diversos produtos dentro da estrutura industrial (automoción, eólicas.), conseguindo así o alumnado un amplo espectro de posibilidades laborais. Como exemplo, e sen abandonar o sector, podemos falar da acuicultura; campo no que Aixola ven colaborando coa Consellería do Mar

no deseño e construción de mobiliario específico para centros como o de Ribadeo ou o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA).

Ó anteriormente exposto, debemos engadir que é Aixola o único centro de formación a nivel estatal que imparte formación na técnica de moldeado por transferencia de resina (RTM). Esta técnica innovadora permite reducir as emisións de gases na fabricación de pezas, empregando un sistema de molde e contramolde ao baleiro. As pezas así obtidas saen acabadas polas dúas superficies, o que representa un avance definitivo para determinados tipos de traballo. Dentro desta área os cursos que se imparten no centro son:

- o Composites, Modelismo. Modelado manual, infusión y baleiro de 600 horas.
- o Novas técnicas en composites de 400 horas
- o Empastador-Laminador de Poliéster de 300 horas

Tamén se imparten en Aixola cursos con contidos da área dos composites e das áreas da madeira e a pneumática:

- o Técnicas innovadoras en composites e madeira de 300 horas
- o Reparacións mixtas (madeira / poliéster) de 200 horas
- o Reparacións polivalentes de embarcacións semirríxidas (composites/pneumáticas) de 200 horas



Madeira.

Galicia é actualmente a rexión de Europa cunha maior densidade de carpintarías de ribeira en activo: vinte estaleiros que constitúen a Asociación Galega de Carpintarías de Ribeira (AGALCARI); esta industria da servizo a unha importante flota profesional de pesca e acuicultura construída en madeira que require mantemento e renovacións; tamén responde á crecente demanda de embarcacións tradicionais, á paulatina entrada no sector da náutica de lecer e á constante necesidade de carpinteiros navais para cubertas, sobreestruturas e modelos.

De todos os materiais de construción naval, a madeira é o máis ecolóxico por excelencia: provén da natureza e unha vez finalizada a súa vida útil, volve a ela sen apenas alterar o medio; o consumo enerxético no ciclo global construtivo desde que é árbore ata transformarse en embarcación é mínimo. Por todo isto, a construción en madeira ten un mínimo impacto ambiental, cun efecto chamado “secuestro do carbono”.

En Europa, durante os últimos anos, comezaron a xurdir movementos de promoción da madeira como materia prima baseados nas súas bondades ecolóxicas, así coma nas vantaxes do seu comportamento no mar. Proxectos europeos como NEA⁴, DORNA⁵ ou WOObTA⁶, contaron coa implicación de organizacións de España (moi especialmente Galicia), Francia, Reino Unido, Inglaterra, Irlanda, Portugal, Suecia e Noruega entre outros. Estas iniciativas buscan, así mesmo, fomentar a xestión sostible das explotacións forestais e o uso de especies locais, a través dunha adecuada certificación da orixe da cadea de custodia.

A utilización da madeira aplicando técnicas mixtas e de combinación con outros materiais (epoxi, resinas e acabados base auga, etc.), está dando como

⁴ Náutica Espacio Atlántico. www.nea2.eu

⁵ Desenvolvemento Organizado e sostible de Recursos no Noroeste Atlántico. www.dorna.eu

⁶ WOOben Boatbuilders Training Association
<https://sites.google.com/site/woobtaproject/home>

resultado embarcacións profesionais optimizadas tecnicamente para o seu uso na industria auxiliar de acuicultura e de pesca artesanal; empréganse técnicas respectuosas coas formas e métodos de construción tradicionais e que xeran o seu propio nicho de traballo coas necesarias actividades de reparacións.

Neste contexto, a formación é unha das claves para a revitalización e apuntalamento desta actividade de claro carácter artesán/industrial que demanda persoal altamente cualificado no traballo coa madeira.



Dentro desta área os cursos que se imparten no centro son:

- o Carpintaría de ribeira de 600 horas.
- o Innovacións en madeira. Autoconstrución de 400 horas
- o Elaboración e Colocación de cubertas de madeira de 300 horas

Tamén se imparten en Aixola cursos con contidos da área dos composites e da área de madeira:

- o Técnicas innovadoras en composites e madeira de 300 horas
- o Reparacións mixtas (madeira / poliéster) de 200 horas

Instalacións mecánicas e eléctricas

A flota pesqueira con porto base en Galicia, formada en abril do 2015 por 4.497 buques de pesca e 1.294 de acuicultura, é a máis importante de todas as rexións europeas e tamén é a maior do país co sector pesqueiro máis potente da Unión Europea. De feito, Galicia posúe preto do 40 % dos barcos españois. Estes datos reflicten a gran importancia da flota galega no sector pesqueiro comunitario e estatal.

Por outro lado e segundo o Plan Estratéxico da Náutica Recreativa en Galicia 2012-2020, contamos ao longo do noso litoral con 63 instalacións deportivas, 28 concesións ou autorizacións náutico deportivas, 7 instalacións para embarcacións en seco e 9.560 amarres, o que representa un 15,1 % do total peninsular español.

Todo isto danos unha idea do volume de embarcacións de carácter profesional e recreativo que poden precisar mantemento e reparación no noso litoral.

A rotundidade destas cifras explica por si mesma a necesidade de programar cursos de formación que, sen pretender invadir o campo das titulacións regradas, transmitan coñecementos básicos de manexo e mantemento de instalacións sinxelas.

Por outra banda, o carácter eminentemente práctico dos cursos e as ferramentas e materiais empregados neles, fan que, en todas as accións formativas, existan

solicitudes de alumnos procedentes do grado medio e superior da formación



profesional.



Os cursos que se imparten dentro desta área no centro son:

- o Mecánico instalador polivalente en embarcacións de poliéster de 450 horas.
- o Instalación eléctrica dun barco de 250 horas
- o Mecánica e instalación de motores en embarcacións de baixura de 200 horas.
- o Instalación eléctrica naval de barcos de pequena potencia de 200 horas.

Plásticos técnicos

Hoxe en día os plásticos técnicos son o gran rival do aceiro inoxidable, tanto en canto ao seu prezo como en canto ao custo de mantemento e fabricación de pezas. Concretamente o polietileno-PE e o polipropileno-PP, obxecto dos nosos cursos, utilízanse en infinidade de sectores e teñen múltiples aplicacións

industriais, sendo materiais innovadores e con moita proxección de futuro.

Presentan unha alta resistencia a elementos químicos e á corrosión; pouco peso⁷; alta resistencia á abrasión; teñen comportamento antiadhesivo; presentan unha alta resistencia ao choque e capacidade de absorción do impacto; a súa absorción de auga é desprezable; teñen excelentes propiedades para a redución de ruídos e vibracións; son fisioloxicamente inertes polo que se recomiendan para estar en contacto con alimentos; son facilmente substituíbles e requiren pouco mantemento.

Polas súas características técnicas, estes materiais son especialmente aptos para diferentes industrias como a naval, a acuicultura, a farmacéutica, a química, a alimentaria, a aeronáutica, a construción e o transporte entre outros. Partindo de pranchas e tubarias (cos seus accesorios e en combinación con outros materiais plásticos), e mediante soldadura termoplástica pódense construír numerosas pezas: cubas, depósitos, embarcacións, bateas e gaiolas mariñas, liñas de conducción en tubarias de múltiples líquidos, habilitación de bodegas de barcos, emisarios mariños, táboas de corte, recubrimento e impermeabilización en industrias, túneles e cámaras de refrixeración e conxelación, maquinaria para a industria conserveira e, en xeral, toda a alimentaria.



O Centro Formación Aixola é pioneiro e único en toda Galicia e no Estado Español en apostar pola formación na manipulación e aplicación práctica destes materiais. A súa oferta formativa na área dos Plásticos Técnicos sitúao na

⁷ densidade <1gr/cm³

vanguardia da formación en Novas Tecnoloxías.

Dentro desta área impártense os seguintes cursos:

- o Manipulador de polietileno e polipropileno en buques de pesca e acuicultura de 200 horas.
- o Especialista manipulador de plásticos técnicos para acuicultura e pesca de 300 horas.

Velaría e pneumáticas.

O turismo náutico experimentou un considerable avance nos últimos anos, tanto en instalacións como no número de adeptos. En Galiza calquera parte dos seus 1.900 km de litoral é un lugar adecuado para a práctica de deportes náuticos en calquera época do ano, debido ás súas suaves condicións climáticas e á tranquilidade das súas rías.

Analizando a realidade do sector, observamos en clubs náuticos e portos deportivos un volume de traballo importante para o mundo da velaría e a reparación de embarcacións pneumáticas.

E quizais nestes momentos de crise nos que os propietarios non alcanzan a renovar con tanta frecuencia as súas velas, o cal, por outra banda, só era negocio para as grandes velarías nacionais. As pequenas velarías locais teñen a súa razón de ser, tanto reparando velas, coma facendo un maior mantemento preventivo con fundas e demais elementos de protección.



Estudo dunha vela tradicional para a súa posterior confección

Por outra banda, as embarcacións pneumáticas sufriron un menor descenso no número de matriculacións dentro do panorama xeral rexido pola situación de crise.

As embarcacións pneumáticas, sexan semirríxidas ou pregables, precisan dun mantemento e reparacións constantes, que apenas esixe unha mínima infraestrutura e maquinaria. Esta situación favorece as accións emprendedoras de creación de pequenas empresas dirixidas á reparación das súas compoñentes.



Nesta área, de novo, é o centro de formación Aixola o único referente autonómico e nacional na formación de especialidades tan específicas como velaría e acastillaxe e o mantemento e reparación de embarcacións pneumáticas.

Os cursos que se imparten no centro son:

- o Velaría e acastillaxe de 350 horas.
- o Reparación de embarcacións pneumáticas de 300 horas

Tamén se imparten en Aixola cursos con contidos da área da pneumática e os composites:

- o Reparacións polivalentes de embarcacións semirríxidas (composites/pneumáticas) de 200 horas

Redaría.

Os cursos da área de redaría buscan garantir o relevo xeracional no sector da pesca, e sobre todo, na realización de determinadas actividades que van quedando sen persoal que as desempeñe. Ao tempo, tamén se pretende buscar novas saídas profesionais para os traballadores e traballadoras do sector e a dignificación dunha profesión na que a man de obra está moi avellentada.

O desenvolvemento da profesión de redeiro ou redeira require un gran dominio e práctica, que se consegue con tempo e dedicación, polo que a presión do traballo actual non lles permite ás empresas pararse a formar a novos redeiros/as.

Por outra banda, é cada vez máis frecuente que os armadores valoren, á hora da contratación, coñecementos sobre redes e aparellos, dándose o caso de que as veces é unha condición (tal e como o expresan as persoas que se anotan ao curso).



Dende 2015 o Centro está homologado pola Consellería de Economía, emprego e Industria para impartir a formación conducente ao Certificado de Profesionalidade Confección e Mantemento de Artes e Aparellos. Na súa impartición cumprense todos os requisitos esixidos polo Certificado de Profesionalidade: perfil dos docentes, instalación e material e contidos

formativos. Co diploma pode solicitarse o certificado de profesionalidade, requisito imprescindible para darse de alta nesta actividade na seguridade social.

Para acceder a estes cursos, as persoas aspirantes deberán cumprir algún dos requisitos requiridos para a formación conducente aos Certificados de Profesionalidade de nivel 2 e realizar a inscrición a través das oficinas de Emprego de Galicia.

Dentro desta área o curso que se imparte no centro é:

- o Formación para o Certificado de Profesionalidade Confección de Artes e aparellos (MAPN0108), 330 horas (incluíndo prácticas en empresa).

PROGRAMA MULTIDISCIPLINARIO:

MANTEMAR, Formación para os servizos de mantemento portuarios e marítimos

Unha das innovacións do Centro en 2016 – 2017 foi un programa formativo orientado aos servizos de mantemento portuarios e marítimos, articulado nunha serie de cursos curtos e complementarios entre si para facilitar a capacitación práctica no mantemento de instalacións portuarias e náutico – deportivas, así coma embarcacións auxiliares e outros equipamentos marítimos.

Consideramos que os cursos de curta duración facilitan a asistencia dos alumnos, especialmente cando estes compatibilizan a formación con outros traballos ou con períodos entre embarques. Permiten igualmente unha iniciación nas diferentes técnicas de traballo nas que poden posteriormente especializarse a través de cursos longos, mentres que a combinación de cursos curtos confire unha polivalencia de grande utilidade nos labores de mantemento.

A planificación inicial do programa MANTEMAR contempla os seguintes cursos, que se detallan na xustificación de cada unha das áreas de traballo correspondentes:

- CURSO REPARACIÓNS POLIVALENTES en POLIÉSTER, 100 horas
- CURSO REPARACIÓNS POLIVALENTES en MATERIAIS PNEUMÁTICOS, 100 horas
- CURSO de ACASTILLAXE, 100 horas
- CURSO de MANTEMENTO da INSTALACIÓN ELÉCTRICA dunha EMBARCACIÓN MENOR, 100 horas
- CURSO de MECÁNICA de MANTEMENTO E INSTALACIÓN DE MOTORES EN EMBARCACIÓNS MENORES, 100 horas

Cada curso ten unha duración de 100 horas lectivas, incluíndo os contidos transversais de prevención de riscos laborais, calidade e titorías de reforzo.

Están programados de xeito que resultan combinables, é dicir, evitando que varios módulos coincidan nas mesmas datas e horario e, preferentemente, entre os meses de outubro a marzo, período no que diminúe a actividade náutica deportiva e os servizos de mantemento orientados a este sector teñen unha menor actividade.